



## REGULAMENTO DE AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN

*Aprobado polo Consello de Goberno do 29 de setembro de 2011  
Modificado polo Consello de Goberno do 24 de setembro de 2013  
Modificado polo Consello de Goberno do 28 de xuño de 2016*

*(Texto consolidado)*

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente regulamento pretende implantar, para todos os estudos impartidos pola Universidade da Coruña, conducentes á obtención dun título oficial con validez en todo o territorio nacional, o sistema de compensación de cualificacións.

A existencia de Tribunais de Compensación goza xa dunha ampla traxectoria nas universidades españolas. A súa xustificación académica vese reforzada nos nosos días pola positiva e progresiva implantación da avaliación curricular no conxunto de etapas e niveis educativos.

A avaliación curricular constitúe, por tanto, o fundamento dos Tribunais de Compensación. Estes intentan dar resposta a certas situacións académicas excepcionais que lle impiden ao estudiante obter o título a que aspira debido a que non superou algúns créditos ou unha materia. A súa finalidade é xulgar o labor realizado polo estudiante durante todos os seus anos de estadía na universidade e permite decidir se, en conxunto, está en posesión dos suficientes coñecementos e competencias profesionais para obter o título a que opta.

A creación de Tribunais de Compensación ten a súa fundamentación legal no principio de liberdade académica das universidades (establecido no artigo 2.3 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, do 21 de decembro), comprendendo a autonomía universitaria “a admisión, réxime de permanencia e verificación dos coñecementos dos estudiantes” (segundo dispón o artigo 2.2.f da lei citada).

A experiencia derivada da progresiva implantación dos títulos académicos correspondentes ao Espazo Europeo da Educación Superior (EEES) e, xa que logo, da sucesiva extinción dos títulos académicos da anterior ordenación universitaria, aconsella modificar o Regulamento de avaliación por compensación, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 29 de setembro de 2011 e modificado o 24 de setembro de 2013.

Consonte co exposto, modifícase o regulamento vixente, que se aproba de acordo co seguinte articulado:

### Artigo 1. Requisitos

Concederase a avaliación por compensación en materias de formación básica, obligatorias e optativas dos títulos pertencentes ao EEES, e en materias troncais, obligatorias, e optativas, correspondentes a títulos anteriores á adaptación de estudos universitarios ao EEES aos estudiantes da Universidade da Coruña que cumpliren todos e cada un dos seguintes requisitos:

1



1) Que, matriculados en calquera titulación oficial, cursasen, polo menos, o 50% desta na Universidade da Coruña.

2) Que só lles reste unha materia para finalizar os estudos da titulación correspondente (coa excepción do Proxecto Fin de Carrera, Traballo Fin de Grao e Traballo Fin de Máster) e non transcorresen máis de tres cursos académicos desde a última convocatoria suspensa.

3) Para as titulacións de Grao e Máster Universitario: que se teñan presentado, como mínimo, a tres oportunidades de avaliación da materia que solicitan compensar. Se a materia pertencese ao derradeiro curso da titulación, ou non estivese asociada a un curso do título en concreto, bastará con que se teñan presentado a dúas oportunidades.

Para as titulacións non adaptadas ao EEES: Que se teñan presentado, como mínimo, a dúas convocatorias de exame da materia que solicitan compensar.

4) Que nunha das oportunidades ou convocatorias obtiveran unha cualificación igual ou superior a 3,5 sobre 10, na materia para a que se solicita a compensación, ou ben igual ou superior ao 60 % da nota media desa materia no curso académico anterior ao da solicitude da compensación, calculada sen contabilizar os “non presentados”. De non acadar a cualificación mínima o Tribunal de Compensación poderá valorar, de acordo co indicado no apartado c) do artigo 5, a información complementaria que estime oportuna para poder outorgar a compensación.

5) Que a nota media do seu expediente académico, sen computar a materia en que se solicita a compensación, sexa igual ou superior ao 80% da nota media da súa titulación na última promoción con dereito a docencia.

6) Que estean matriculados na materia en que solicitan compensación, sempre que a normativa vixente llo permita. En caso contrario, deberán matricularse desa materia só aos efectos de concorrer ao procedemento de avaliación por compensación.

## **Artigo 2. Límites da solicitude**

Con independencia dos requisitos establecidos no artigo 1, a avaliación por compensación estará suxeita aos seguintes límites:

1) Cando se acceda a unha titulación de grao por estar en posesión dun título oficial universitario que permita esa posibilidade (“curso ponte”, de acordo coa memoria verificada do plan de estudos) e xa se efectuase a compensación dunha materia, non se terá dereito a outra avaliación por compensación.

2) Da mesma forma, cando no título previo que dá acceso a un Máster se concedera unha avaliación por compensación non se terá dereito a outra no título de Máster.

3) Aqueles estudiantes procedentes doutras universidades, a quen xa se lles concedese a avaliación por compensación curricular na súa universidade de procedencia, non a poderán solicitar de novo na Universidade da Coruña se están nos casos previstos nos apartados



anteriores. Estes estudiantes presentarán, xunto coa súa solicitude, unha declaración responsable que indique que non foron avaliados por este procedemento na súa universidade de orixe.

4) En ningún caso serán obxecto de compensación o Proxecto de Fin de Carrreira, o Traballo de Fin de Grao e o Traballo de Fin de Mestrado. O Prácticum e as Prácticas ou Estadías Clínicas poderán ser avaliadas por compensación no caso de que consten dunha parte teórica e doutra parte práctica e sempre que a primeira constitúa, como mínimo, o 50% dos créditos totais asignados a esa materia.

5) Non se lles poderá conceder a avaliación por compensación a aqueles alumnos a que lles conste algunha sanción no seu expediente académico.

6) Os estudiantes de Programas de Simultaneidade de Estudos aprobados polo Consello de Goberno só poderán solicitar a compensación dunha única materia do programa, que se considerará como unha única titulación a estos efectos.

### **Artigo 3. Órgano de resolución**

a) Todos os centros da Universidade da Coruña contarán cun Tribunal de Compensación.

O Tribunal de Compensación é un órgano colegiado de carácter académico constituído nos centros, co obxectivo de xugar, por petición do estudiante interesado e de acordo coa presente normativa, a aptitude global para recibir o título oficial correspondente.

b) O Tribunal de Compensación de cada centro estará formado por:


-Presidente: o decano, director ou, por substitución, o vicedecano ou subdirector que designen.

-Secretario: o secretario do centro.

-Tres vogais profesores: profesores con vinculación permanente á universidade. Pertencerán a diferentes áreas de coñecemento que teñan asignada docencia en materias de formación básica, troncais ou obligatorias da titulación ou titulacións impartidas no centro. No caso dunha titulación de Mestrado, deberá formar parte do Tribunal o profesor-coordinador do Mestrado de que se trate, e no caso de que unha titulación de Grao teña coordinador, éste tamén deberá formar parte do Tribunal. En ambos casos sen exceder do número de tres profesores vogais.

-Un vogal da Administración do Centro ou da UXAI: O seu titular, ou a persoa que designen por substitución.

-Un vogal alumno: estudiante de primeiro ou segundo ciclo, de grao, ou de mestrado, que actuarán segundo o caso. A Xunta de Centro designará, un titular e un suplente entre os alumnos pertencentes a cada un destes niveis de estudos, que se renovarán en cada curso académico.





Os vogais profesores con vinculación permanente á Universidade, que serán elixidos pola Xunta de Centro, renovaranse para cada curso académico, sen poder ser elixidos por ese órgano de forma consecutiva. Os profesores coordinadores de Grao e Mestrado formarán parte do Tribunal de Compensación mentres desempeñen o seu cargo.

- c) Non poderán formar parte dos tribunais aqueles profesores que interviñeran na corrección ou avaliación da materia que se solicita compensar. Se a avaliación por compensación corresponde a unha materia que fose avaliada por algúns dos cargos académicos antes citados, éste deberá ser substituído por outro profesor designado pola Xunta de Centro.
- d) No caso de o centro impartir máis dunha titulación, e se a Xunta de Centro o estimar oportuno, poderá ser nomeado un tribunal distinto para cada unha delas.

#### **Artigo 4. Constitución do tribunal de compensación**

O tribunal quedará validamente constituído, logo da orde do seu presidente e convocatoria por escrito, se asistiren, cando menos, dous terzos dos seus membros, entre os que deben estar necesariamente o presidente e o secretario, ou quen os substitúa. De non se acadar o quórum necesario, constituirase validamente media hora despois en segunda convocatoria, sempre que estean presentes o presidente, o secretario e dous vogais. En caso contrario, realizarase unha nova reunión no prazo de 48 horas.

Os membros do tribunal que non acudan deberán xustificar de xeito adecuado e por escrito a súa inasistencia.

O número de reunións que deberá convocar o presidente do Tribunal deberá coincidir, como mínimo, coas distintas datas de avaliación fixadas no calendario que aprobe o Consello de Goberno para cada curso académico. Ademais, o Tribunal poderá ser convocado de forma extraordinaria cando o seu presidente o considerar necesario.

#### **Artigo 5. Procedemento de avaliación por compensación**

- a) Para as reunións fixadas no artigo 4, a solicitude de avaliación por compensación irá dirixida, por medio dunha instancia do estudiante, ao decano ou director do centro, dentro do prazo de 15 días hábiles que conta a partir do remate do prazo de entrega das actas oficiais correspondentes ás avaliacións establecidas no calendario de cada curso académico.
- b) Para as reunións que poida convocar de forma extraordinaria o presidente do Tribunal de Compensación, por consideralo necesario, o centro deberá outorgar, sempre antes da celebración da reunión, un prazo de 15 días hábiles para a presentación das solicitudes dos estudiantes e publicitar convenientemente este proceso.
- c) Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Administración do centro ou, no seu caso a UXAI, enviarallas ao presidente do Tribunal, con informe de se cumplen ou non con todos os requisitos establecidos no artigo primeiro desta norma, así como se resultan afectadas polos límites que se establecen no artigo dous da mesma. Esta circunstancia será certificada por cada solicitude polo secretario do centro.

O tribunal de compensación deberá resolver no prazo máximo de 20 días hábiles, que conta a partir da data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

O tribunal examinará todas as solicitudes presentadas. Se o estudiante solicitante reunir todos e cada un dos requisitos necesarios e á súa solicitude non lle for de aplicación ningunha das limitacións establecidas no artigo 2 do presente regulamento, concederase a compensación da materia solicitada. En caso contrario, denegarase a solicitude. Excepcionalmente, só no caso de non cumplir o requisito establecido no apartado 4 e/ou de non existir a última promoción que se menciona no apartado 5, ambos do artigo 1, o tribunal poderá valorar a solicitude, analizando a traxectoria académica global do estudiante e, en particular, na materia obxecto de compensación así como nas materias afíns (se as houbese). O Tribunal poderá solicitar canta información complementaria considere oportuna, tanto das Administracións como dos propios solicitantes, en orde á xustificación das súas decisións. En todos estes casos, o secretario estenderá unha acta motivada en que conste a resolución, que será asinada por todos os membros do tribunal validamente constituído.

En ningún caso se lle poderán realizar probas de exame ao estudiante solicitante.

As decisións do tribunal de compensación deberán ser comunicadas por escrito ao estudiante e publicadas no taboleiro de anuncios do centro para coñecemento público.

Contra o acordo do tribunal denegando a compensación cabe recurso de alzada ante o Reitor no prazo dun mes desde que se efectúe a notificación. A resolución do Reitor esgota a vía administrativa.

#### **Artigo 6. Efectos académicos**


A avaliación por compensación figurará no expediente do estudiante sen cualificación e baixo as siglas CP.

As materias compensadas non poderán ser obxecto de validación ou recoñecemento en futuros estudos.

#### **Disposición adicional primeira. *Programas de simultaneidade de estudios.***

Un.- Naqueles casos nos que existan solicitudes de avaliación por compensación, formuladas por alumnos dos programas de simultaneidade de estudios, aprobados polo Consello de Goberno, a Administración do centro xestor de cada programa impulsará os trámites considerándoo como unha única titulación.

De acordo cos límites que establece o apartado 6 do artigo 2 deste Regulamento, os alumnos destes programas só poderán solicitar a compensación dunha única materia do programa.





Dous.- De forma previa a tramitar a solicitude perante o Tribunal de Compensación e para que o Secretario do centro poida certificar o previsto no apartado c) do artigo 5 deste Regulamento, a Administración deberá comprobar, cando examine que o solicitante reúne todos os requisitos establecidos no artigo 1, que éste ten superados todos os créditos do programa de simultaneidade de estudos conforme se indica no apartado 2 deste artigo, agás os da materia para a que se solicita este procedemento, de forma que, tras resolverse positivamente a súa solicitude, se poidan efectuar no seu expediente os recoñecementos específicos previstos no artigo 13 da Normativa que regula o programa de simultaneidade.

Tres.- A nota media que debe ter o alumno no seu expediente académico, sen computar a materia en que solicita a compensación, segundo establece o apartado 5 do artigo 1 deste Regulamento, porase en relación coa nota media que corresponda á titulación á que pertenza a materia que solicita compensar.

Catro.- Independentemente da titulación á que corresponda a materia que se solicita compensar, o Tribunal de Compensación que actuará será o que corresponda ao centro xestor do programa de simultaneidade de estudos.

**Disposición adicional segunda. *Centros adscritos.***

Os centros adscritos aplicarán este regulamento logo de ratificación polos seus órganos de goberno.

**Disposición final**

Esta modificación entrará en vigor no curso académico 2016-2017.

DILIXENCIA para facer constar que o presente  
documento composto de 6 páxina/s numerada/s e  
selada/s, foi aprobado polo Consello de Goberno  
na súa sesión de data 28 de xuño de 2016

O secretario xeral

Asdo. *Carlos Aymerich Cano*